



QUE ENTENDEMOS POR LUSOFONÍA?

Enténdese por **lusofonía** o intersistema cultural que agrupa as comunidades que comparten como norma sistémica a lingua portuguesa, así como aquelas que se identifican como pertencentes (ou que aspiran a pertencer) a ese conxunto. Así, na lusofonía converxen territorios e comunidades unidos por lazos históricos e por canles de identidade que teñen un vínculo forte e común, a lingua portuguesa, coas súas diversas posibilidades de realización e de actualización.

Os espazos lusófonos están ligados polo feito de compartiren a lingua portuguesa, e están articulados en organizacións que buscan potenciar a relación e a comunicación entre os territorios e comunidades que forman parte deste intersistema.

Na actualidade, son oito os estados que adoptaron a lingua portuguesa como materna ou oficial: Angola, Brasil, Cabo Verde, Guinea-Bisau, Mozambique, Portugal, San Tomé e Príncipe e Timor-Leste. Ademais, tamén acostuman incluírse na lusofonía outros enclaves onde se fala ou se falou portugués, nas súas diversas variantes, como é o caso de Ajudá, Aruba, Balí, Battcaloa, Bonaire, Casamansa, Chaul, Coromandel, Cucaçau, Damão, Diu, Fort Cochim, Galiza, Goa, Ilha de Ano Bom, Java, Jehove, Korlai, Kuala-Lumpur, Mahé, Macau, Mangalor, Penang, Puttalan, Suriname, Tapin, Tellicherry e Vaipi ^[7].

A dispersión e a complicada rede de relacións que se cruzan entre estes territorios, comunidades e colectivos levan a dotar a lusofonía dunha evidente heteroxeneidade. En efecto, os espazos lusófonos albergan realidades radicalmente distintas unhas das outras e maniféstanse como un universo de desigualdades sociais, económicas, culturais e demográficas. Así, son realidades socio-culturais ligadas polo idioma común, irmandadas por tradicións, usos e costumes integrados en expresións culturais propias e diferenciadas, aproximadas por afectos, lealdades e sentimentos de pertenza de diferente tipo e grao.